



CONVOCATORIA DE AXUDAS
DO PROGRAMA LEADER
GALICIA 2007-2013

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL-4
"ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO"

Torre s/n, San Miguel de Orbazai – 27297 (Lugo) – Telf/Fax: 982.228.922- Móbil: 626.014.105-terrasdelugo@gmail.com



terrasdelugo.blogspot.com/



FEADER:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

ÍNDICE

1.- <u>PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA</u>	3
2.- <u>BENEFICIARIOS</u>	3
2.1. <u>REQUERIMENTOS DOS BENEFICIARIOS</u>	3
2.1.1. <u>Requerimentos xerais</u>	3
2.1.2. <u>Requerimentos adicionais</u>	4
3.- <u>LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA</u>	5
4.- <u>CONDICIONANTES ESPECÍFICOS</u>	7
5.- <u>RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA</u>	7
6.- <u>TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007-2013 PARA O GDR-4 “ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO</u>	8
7.- <u>CADRO FINANCEIRO</u>	8
8.- <u>BAREMO PARA A AVALIACIÓN DE PROXECTOS</u>	10
8.1. <u>LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA</u>	10
8.2. <u>CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGLAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA</u>	10
A) <u>Requisitos de subvencionalidade dos proxectos</u>	10
B) <u>Baremo de proxectos produtivos</u>	12
C) <u>Baremo de proxectos non produtivos</u>	18
D) <u>Reglas para a asignación das porcentaxes de axuda pública</u>	23

1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA.

A convocatoria de axudas do programa **LEADER GALICIA 2007-2013** para o **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”** farase para todo o período de actividade, tendo en conta que a data de admisión de solicitudes comeza o **2 de xuño de 2009** e remata o **1 de setembro de 2013**.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderá ser beneficiario destas axudas calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”**, tales como:

- ✓ As persoas físicas.
- ✓ As persoas xurídicas de carácter privado:
 - Sociedade Laboral
 - Sociedade Mercantil
 - Sociedade Civil
 - Sociedades Agrarias de Transformación
 - Cooperativas
 - Asociacións
 - Fundacións
 - Outros/as
- ✓ As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- ✓ As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

* Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER.

2.1. REQUERIMENTOS DOS BENEFICIARIOS

2.1.1. Requerimentos xerais

Os beneficiarios dos proxectos elixibles deberán de cumprir os seguintes requisitos xerais:

- a) Estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
- b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos *parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* (LSG).

c) Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía dos proxectos, se especifican para cada medida.

- ❖ En ningún caso se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición establecida para estas no *artigo 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías)*.
- ❖ No marco das medidas amparadas no *Regulamento xeral de exención por categorías*, non se concederán axudas a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

2.1.2. Requerimentos adicionais

Os beneficiarios que presenten proxectos elixibles enmarcados nas medidas 4.1.1. e 4.1.3. terán a os seguintes requerimentos adicionais:

- ❖ Medida 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal.
 - Cumprir o requisito de Peme, nos termos regulados no *Anexo I do Regulamento nº(CE) 800/2008, do 8 de agosto*, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos *artigos 87 e 88 do Tratado (en adiante, Regulamento xeral de exención por categorías)*:
 - Empregar a menos de 250 persoas.
 - Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanço xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
 - Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.

- No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando a transformación e/ou comercialización dea lugar a un produto incluído no *anexo I do Tratado*, poderán ser beneficiarias as empresas intermedias. Teñen a consideración de empresas intermedias as que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.
- No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas De acordo co anexo I do Regulamento Xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volume de negocios anual ou un balanço xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

❖ Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

- Cumprir o requisito de Peme nos termos regulados no Regulamento xeral de exención por categorías:
- Empregar a menos de 250 persoas.
 - Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanço xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
 - Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais e para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos.

- No caso de proxectos de diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias, os beneficiarios serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos traballadores agrarios. Nos casos nos que un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agrícola na explotación no momento que se presente a solicitude de axuda.

3.- LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA.

Os promotores deberán presentar, por rexistro de entrada, nas oficinas de atención ao público do **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”** a documentación que deseguido se relaciona:

- 1) Solicitude de axuda en triplicado exemplar, segundo **modelo normalizado** que estará ao dispor dos interesados nas oficinas do **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”**.
- 2) Documentación (orixinal ou copia compulsada):
 - a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.
 - b) Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

- c) Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
- d) Documentación acreditativa do requisito de PEME (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.
- e) No caso de que o proxecto supoña a creación ou mantemento de emprego debe achegarse Informe da Vida Laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.
- f) Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás *axudas de minimis* segundo o modelo.
- g) Resumo do proxecto en documento normalizado (modelo). Se se estima conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.
- h) Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo documento normalizado.
- i) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra civil ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa (modelo). As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á *Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público*, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

- j) Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica e financeira para un período mínimo de 5 anos, e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados (modelo).
- k) De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.
- l) No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.
- m) Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria da que sexa titular o promotor e na que desexa que se lle abone a axuda.
- n) Calquera outra documentación ou información que o interesado ou o **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”** consideren de importancia para a análise do proxecto.

Os **modelos normalizados** necesarios para a presentación da documentación referida, estarán ao dispor dos interesados na sede do **GDR-4 “Asociación Terras de Lugo”**:

- **Enderezo:** Torre s/n, San Miguel de Orbazai, C.P.: 27297, Concello: LUGO
- **Telf./Fax:** 982 228 922
- **Telf. móbil:** 626 014 105
- **End. electrónico:** <http://terrasdelugo.blogspot.com>
- **Correo electrónico:** terrasdelugo@gmail.com

4. CONDICIONANTES ESPECÍFICOS

O GDR-4 “Asociación Terras de Lugo” reservarase o dereito de solicitar a documentación que considere oportuna, a aqueles promotores que teñan a obriga de cumprir o disposto no na **Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos** e nas súas modificacións posteriores.

5.- RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA

O programa LEADER 2007-2013 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, na *“Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader*

Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección". **DOG nº 115, luns 16 de xuño de 2008**, e pola súa modificación publicada no **DOG Nº 15 do Xoves, 22 de xaneiro de 2009**.

O réxime de axudas está dispoñible para a súa consulta nas oficinas do GDR-4 "Asociación Terras de Lugo", na súa páxina web <http://terrasdelugo.blogspot.com> ou na páxina web de AGADER <http://agader.xunta.es>

6.- TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007-2013 PARA O GDR-4 "ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO"

O ámbito territorial cuberto polo Programa LEADER 2007-2013 para o GDR-4 "Asociación Terras de Lugo" correspóndese co ocupado polos concellos de: Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo (zona rural), Outeiro de Rei e Rábade.

Quedan excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas **Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010**. Exclúense por tanto o territorio urbano da cidade de Lugo e os polígonos industriais do concello.

7.- CADRO FINANCEIRO

O orzamento público para a aplicación do Programa LEADER 2007-2013 no ámbito territorial do GDR-4 é o importe da subvención asignada no acordo do **Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008** para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR-4 "Asociación Terras de Lugo".

O citado orzamento (Anexo I: Cadro financeiro), constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR-4 "Asociación Terras de Lugo" seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio.

Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é produtivo ou non produtivo.

Terán a consideración de **proxectos non produtivos** aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Serán **proxectos produtivos** os demais.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da **reserva de eficacia**, segundo o previsto na epígrafe VII das bases

reguladoras da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras (polo que o programa alcanzaría o orzamento total de 3.698.744,00 €), das **modificacións do PDR**, de **reprogramacións do programa do GDR**, da **redistribución de fondos** entre programas dos GDR, do **incumprimento da regra n+2** ou doutros supostos similares.

ANEXO I: CADRO FINANCEIRO

PROGRAMA LEADER GALIZA 2007-2013 PLAN FINANCEIRO DO GDR-4 "ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO"

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	66.069,55	129.058,23	129.962,95	135.586,08	134.709,99	133.469,10	728.855,90
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	11.011,59	21.509,70	21.660,49	22.597,68	22.451,66	22.244,85	121.475,98
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	88.092,73	172.077,64	173.283,93	180.781,44	179.613,32	177.958,80	971.807,87
	Non produtivos	55.057,96	107.548,53	108.302,46	112.988,40	112.258,33	111.224,25	607.379,92
	TOTAL	143.150,69	279.626,17	281.586,39	293.769,84	291.871,65	289.183,05	1.579.187,79
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	154.162,28	301.135,87	303.246,88	316.367,52	314.323,31	311.427,90	1.700.663,77
	Non produtivos	66.069,55	129.058,23	129.962,95	135.586,08	134.709,99	133.469,10	728.855,90
	TOTAL	220.231,83	430.194,10	433.209,83	451.953,60	449.033,30	444.897,00	2.429.519,67
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	35.237,09	68.831,06	69.313,57	72.312,58	71.845,33	71.183,52	388.723,15
	Promoción	8.809,27	17.207,76	17.328,39	18.078,14	17.961,33	17.795,88	97.180,79
	TOTAL	44.046,37	86.038,82	86.641,97	90.390,72	89.806,66	88.979,40	485.903,93
TOTAL PROGRAMA		264.278,20	516.232,92	519.851,80	542.344,32	538.839,96	533.876,40	2.915.423,60
							FEADER	1.678.117,83
							AXE	624.456,10
							XUNTA	612.849,67

Porcentaxe para Promoción, sobre o total da estratexia (mínimo 4%): **4,0%**

8.- BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS

Unha vez que o promotor presente no GDR a súa solicitude de axuda, xunto coa documentación necesaria para a súa admisión, o GDR procederá a elaborar o **Informe de Control de Elixibilidade (ICE)** co resultado da avaliación e baremación do proxecto. O ICE informará de se o proxecto é elixible e da súa puntuación total para a posterior asignación da porcentaxe de axuda.

Para a realización do ICE aplicarase o **BAREMO** aprobado por AGADER con data 27 de maio de 2009 e que se presenta a continuación. Existe un baremo diferenciado para proxectos produtivos e para proxectos non produtivos.

8.1. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA

Na táboa seguinte amósanse os límites de axudas máximos, tanto cuantitativos como as porcentaxes dos diferentes tipos de proxectos.

Eixe	Prod.	Límite de axuda máximo (en €)	Porcentaxe máxima de axuda pública
411	P	100.000	45 %
412	NP	50.000	*
413	P	100.000	45 %
413	NP	50.000	*

* A porcentaxe máxima de axuda pública nos proxectos non produtivos dos eixes 412 e 413 dependerá da prioridade dos proxectos (alta, media ou baixa) sinalada por AGADER na *“Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección”*. DOG nº 115, luns 16 de xuño de 2008.

8.2. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA

A) Requisitos de subvencionalidade dos proxectos

A.1. Requisitos xerais

- ✓ **Carácter innovador**, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.

- ✓ **Viabilidade:** O proxecto deber ser viable técnica e economicamente, comprobarase especialmente a súa viabilidade financeira.
- ✓ **Adecuación do proxecto á estratexia do programa.**

A.2. Elixibilidade das actuacións

As operacións ou actuacións elixibles serán as que se correspondan coas seguintes medidas:

➤ **Medida 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal:**

- **Investimentos no sector agrario.** Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:
 - que impliquen a introdución de novas técnicas de produción a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior,
 - os que teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais,
 - os relacionados co apoio a novas producións,
 - os que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles,
 - os que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións,
 - os vinculados coa aplicación das TIC nas explotacións.
- **Aumento do valor económico dos montes.** Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluíndo as plantacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común.
- **Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.** Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais.
- **Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal.**

➤ **Medida 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural:**

- **Investimentos non produtivos en explotacións agrarias.**
- **Investimentos non produtivos en espazos forestais.**
- **Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.**

➤ **Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:**

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias.
- Creación, ampliación e modernización de Pemes.
- Fomento de actividades turísticas (proxectos produtivos ou non produtivos).
- Servizos básicos para a economía e a poboación rural (proxectos produtivos ou non produtivos).
- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural (proxectos produtivos ou non produtivos).
- Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da media 4.1.3.

B) Baremo de proxectos produtivos

B.1. Situación xeográfica: 40 puntos

B.1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos.

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR 4, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega	10
Concellos cun IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%	8
Concellos cun IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%	6
Concellos cun IMRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%	4
Concellos cun IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%	3
Concellos cun IMRF maior ao 100%	0

Concello	IMRF	Puntos
Castroverde	89	6
Corgo, O	88	6
Friol	79	10
Guntín	82	8
Lugo	116	0
Outeiro de Rei	90	6
Rábade	101	0

Datos obtidos do IGE correspondentes ao ano 2002

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7

concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

B.1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos.

En función dos datos de variación da poboación entre os anos 2002-2007 do denominado GDR 4, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 7%	10
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 5% e menor do 7%	8
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 3% e menor do 5%	6
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 0% e menor do 3%	4
Concellos que incrementen poboación	0

Concello	2002	2007	Variación	Variación (%)	Puntos
Castroverde	3.418	3.148	-270	-7,90	10
Corgo, O	4.224	4.095	-129	-3,05	6
Friol	4.729	4.504	-225	-4,76	6
Guntín	3.453	3.213	-240	-6,95	8
Lugo	89.509	93.853	4.344	4,85	0
Outeiro de Rei	4.333	4.979	646	14,91	0
Rábade	1.583	1.699	116	7,33	0

Datos obtidos do IGE

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

B.1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: 10 puntos.

En función dos datos recollidos no Nomenclátor de Galicia de 2007 e identificando a entidade de poboación tomada coma referencia con parroquia, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Parroquias de 50 habitantes ou menos	10
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 51 e 100	9
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 101 e 150	8
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 151 e 200	7
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 201 e 250	6

CRITERIO	PUNTOS
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 251 e 500	5
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 501 e 2.000	3
Parroquias cun número de habitantes maior de 2.000	0

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, asignaráselles a puntuación intermedia correspondente a este apartado, é dicir, **5 puntos**.

B.1.4. Outros criterios xeográficos: 10 puntos.

B.1.4.1. Distancia á capital do concello respectivo: 5 puntos

Terase en conta neste criterio a distancia do lugar (entidade inferior a parroquia) onde se localiza o proxecto á capital do concello correspondente.

CRITERIO	PUNTOS
Distancia á capital do concello maior ou igual de 12 Km.	5
Distancia á capital do concello maior ou igual de 9 Km. e menor de 12 Km.	4
Distancia á capital do concello maior ou igual de 6 Km. e menor de 9 Km.	3
Distancia á capital do concello maior ou igual de 3 Km. e menor de 6 Km.	2
Distancia á capital do concello menor de 3 Km.	1

- As distancias determinaranse a partir das medicións feitas con ferramentas dixitais de Información Xeográfica.
- Terase en conta sempre aquela medición correspondente á distancia máis curta dende a localización á capital do concello.
- No caso de que a localización xeográfica do proxecto se corresponda con varios lugares ou entidades poboacionais, terase en conta sempre a/o que obteña a puntuación máis alta.
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, asignaráselles a puntuación intermedia correspondente a este apartado, é dicir, **2,5 puntos**.

B.1.4.2. Distancia dende a capital do concello á capital da comarca (Lugo): 5 puntos

CRITERIO	PUNTOS
Capital do concello situada a 20 Km. ou máis	5
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 15 Km. e menor de 20 Km.	4
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 10 Km. e menor de 15 Km.	3
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 5 Km. e menor de 10 Km.	2
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual a 1 Km. e menor de 5 Km.	1

CAPITAL CONCELLO	DISTANCIA A LUGO CAPITAL (Km.)	PUNTOS
Castroverde	22	5
O Corgo	14	3
Friol	24	5
Guntín	19	4
Outeiro de Rei	11	3
Rábade	13,5	3
Lugo	0	0

Datos obtidos da "Enquisa de Infraestruturas Locais da provincia de Lugo. Ano 2005"

- No caso de que a localización xeográfica do proxecto se corresponda con varios lugares ou entidades poboacionais, terase en conta sempre a/o que obteña a puntuación máis alta.
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

B.2. Características do promotor do proxecto: 10 puntos.

B.2.1. Proxectos promovidos por persoas físicas: **6 puntos**.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos promovidos por mozos (entre 16 e 35 anos) ou persoas maiores (entre 45 e 65 anos)	2
Proxectos promovidos por mulleres (acumulábel ao anterior criterio)	2
Proxectos promovidos por persoas con discapacidade (acumulábel aos dous anteriores criterios)	2

B.2.2. Proxectos promovidos por entidades relacionadas co sector agrícola e forestal: **6 puntos**.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos promovidos por Cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación e Comunidades de Montes Veciñais en Man Común	6

B.2.3. Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que o 50% (ou máis) da participación social se corresponda cos seguintes criterios: **6 puntos**.

CRITERIO	PUNTOS
Mozos (entre 16 e 35 anos) e persoas maiores (entre 45 e 65 anos)	2
Mulleres (acumulábel ao anterior criterio)	2
Persoas con discapacidade (acumulábel aos dous anteriores criterios)	2

- Quedarán excluídas de puntuar neste apartado as entidades que o fan no B.2.2.

B.2.4 Emprego da lingua galega :4 puntos.

CRITERIO	PUNTOS
Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no <i>artigo 20.2º1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia</i>	4

B.3. Incidencia do emprego: 25 puntos.

Este criterio valorarase con base ao número de empregos directos creados por cada proxecto ou actuación.

CRITERIO	PUNTOS
Por 0,25 empregos creados	1,25
Por cada persoa contratada menor de 35 anos, maior de 45 anos e mulleres sumaran a maiores 2 puntos mentres que por cada persoa contratada con discapacidade sumarán a maiores 3 puntos (criterios acumulables entre si)	

- Considerarase creación de 1 emprego: a creación dun posto de traballo para unha persoa a tempo completo a cómputo anual, segundo a normativa vixente.

B.4. Impacto sobre o territorio: 25 puntos.**B.4.1. Capacidade de arrastre do proxecto: 12 puntos.**

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona, concretada nos seguintes aspectos:

B.4.1.1. Proxectos de transformación de produtos da zona: 5 puntos.

CRITERIO	PUNTOS
Emprego de insumos-proveedores do territorio para realizala inversión do proxecto por riba do 25% dos totais requiridos polo mesmo e sempre que se xustifiquen axeitadamente (facturas, xustificantes de percepcións, servizos,...)	5
<i>Enténdese por insumos: materias primas, produtos e servizos intermedios, persoal...</i>	

B.4.1.2. Proxectos con capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes: 7 puntos.

B.4.1.2.1. En función do nivel de investimento: ata 2 puntos.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 10.000 euros e inferior a 60.000 euros	1

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 60.000 euros e inferior a 120.000 euros	1,5
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 120.000 euros	2

B.4.1.2.2. Proxectos que axuden a desenvolver os sectores: agrario, forestal e turístico: ata 5 puntos (acumulables aos do apartado 4.1.2.1.)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos que axuden a desenvolver os sectores agrario, forestal e turístico mediante novos produtos ou servizos	3
Proxectos de produción ou transformación de produtos agrícolas, gandeiros e forestais que integren plans de comercialización ou inclúan o desenvolvemento dunha acción piloto de comercialización dos mesmos. (acumulábel ao criterio anterior)	1
Proxectos de desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural (acumulábel aos criterios anteriores)	1

B.4.2. Incidencia ambiental: 10 puntos.

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona:

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos que inclúan sistemas/planes de xestión ou valorización de residuos xerados polo promotor ou no territorio	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (acumulábel ao anterior criterio)	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de técnicas de baixo consumo hídrico (acumulábel aos anteriores criterios)	2

B.4.3 Criterios propios do GDR 4: 3 puntos.

Valoraranse positivamente e coa puntuación máxima deste apartado aqueles proxectos que atendan aos seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de prestación de servizos á poboación rural que contribúan á mellora de colectivos como persoas maiores, discapacitados ou outros en risco de exclusión	3
Proxectos que conleven a aplicación das TIC's para o seu desenvolvemento	3

C) Baremo de proxectos non produtivos

C.1. Situación xeográfica: 40 puntos.

C.1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos.

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR 4, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega	10
Concellos cun IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%	8
Concellos cun IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%	6
Concellos cun IMRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%	4
Concellos cun IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%	2
Concellos cun IMRF maior ao 100%	0

Concello	IMRF	Puntos
Castroverde	89	6
Corgo, O	88	6
Friol	79	10
Guntín	82	8
Lugo	116	0
Outeiro de Rei	90	6
Rábade	101	0

Datos obtidos do IGE correspondentes ao ano 2002

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

C.1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos.

En función dos datos de variación da poboación entre os anos 2002-2007 do denominado GDR 4, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 7%	10
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 5% e menor do 7%	8
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 3% e menor do 5%	6
Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 0% e menor do 3%	4
Concellos que incrementen poboación	0

Concello	2002	2007	Variación	Variación (%)	Puntos
Castroverde	3.418	3.148	-270	-7,90	10
Corgo, O	4.224	4.095	-129	-3,05	6
Friol	4.729	4.504	-225	-4,76	6
Guntín	3.453	3.213	-240	-6,95	8
Lugo	89.509	93.853	4.344	4,85	0
Outeiro de Rei	4.333	4.979	646	14,91	0
Rábade	1.583	1.699	116	7,33	0

Datos obtidos do IGE

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

C.1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: **10 puntos**.

En función dos datos recollidos no nomenclátor de 2007 e identificando a entidade de poboación tomada coma referencia con parroquia, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
Parroquias de 50 habitantes ou menos	10
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 51 e 100	9
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 101 e 150	8
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 151 e 200	7
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 201 e 250	6
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 251 e 500	5
Parroquias cun número de habitantes comprendido entre 501 e 2.000	3
Parroquias cun número de habitantes maior de 2.000	0

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, asignaráselles a puntuación intermedia correspondente a este apartado, é dicir, **5 puntos**.

C.1.4. Outros criterios xeográficos: **10 puntos**.

B.1.4.1. Distancia á capital do concello respectivo: 5 puntos

Terase en conta neste criterio a distancia do lugar (entidade inferior a parroquia) onde se localiza o proxecto á capital do concello correspondente.

CRITERIO	PUNTOS
Distancia á capital do concello maior ou igual de 12 Km.	5
Distancia á capital do concello maior ou igual de 9 Km. e menor de 12 Km.	4
Distancia á capital do concello maior ou igual de 6 Km. e menor de 9 Km.	3
Distancia á capital do concello maior ou igual de 3 Km. e menor de 6 Km.	2
Distancia á capital do concello menor de 3 Km.	1

- As distancias determinaranse a partir das medicións feitas con ferramentas dixitais de Información Xeográfica.
 - Terase en conta sempre aquela medición correspondente á distancia máis curta dende o punto da localización á capital do concello.
 - No caso de que a localización xeográfica do proxecto se corresponda con varios lugares ou entidades poboacionais, terase en conta sempre a/o que obteña a puntuación máis alta.
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, asignaráselles a puntuación intermedia correspondente a este apartado, é dicir, **2,5 puntos**.

B.1.4.2. Distancia dende a capital do concello á capital da comarca (Lugo): 5 puntos

CRITERIO	PUNTOS
Capital do concello situada a 20 Km. ou máis	5
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 15 Km. e menor de 20 Km.	4
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 10 Km. e menor de 15 Km.	3
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual de 5 Km. e menor de 10 Km.	2
Capital do concello situada a unha distancia maior ou igual a 1 Km. e menor de 5 Km.	1

CAPITAL CONCELLO	DISTANCIA A LUGO CAPITAL (Km.)	PUNTOS
Castroverde	22	5
O Corgo	14	3
Friol	24	5
Guntín	19	4
Outeiro de Rei	11	3
Rábade	13,5	3
Lugo	0	0

Datos obtidos da "Enquisa de Infraestruturas Locais da provincia de Lugo. Ano 2005"

- No caso de que a localización xeográfica do proxecto se corresponda con varios lugares ou entidades poboacionais, terase en conta sempre a/o que obteña a puntuación máis alta.
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 7 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ao número exacto máis próximo), a cal proporciona un valor de **3 puntos**.

C.2. Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto: 20 puntos.

C.2.1. Proxectos de promoción privada: ata **15 puntos**.

CRITERIO		PUNTOS
Criterios acumulables entre si	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50% dos socios son mulleres	2
	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50% dos socios son mozos (entre 16 e 35 anos) ou persoas maiores (entre 45 e 65 anos)	2
	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50% dos socios son discapacitados	2
	Proxectos colectivos	Por cada entidade implicada no proxecto (máximo de dúas entidades do mesmo concello)
Por participar entidades de dous ou máis concellos pertencentes ó ámbito territorial do GDR (acumulábel ao criterio anterior)		3

C.2.2. Proxectos de promoción pública: ata **15 puntos**

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de ámbito supramunicipal nos que participen dous ou máis Concellos do territorio do GDR (cun máximo de 15 puntos)	4 puntos por cada concello

C.2.3. Emprego da lingua galega: **5 Puntos**.

CRITERIO	PUNTOS
Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no <i>artigo 20.2º1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia</i>	5

C.3. Impacto sobre o territorio: 40 puntos.

C.3.1. Volume de poboación beneficiada polo proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida: como **máximo 14 puntos**

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxa finalidade contemple a creación ou mellora de equipamentos e servizos básicos no rural	5
Proxectos orientados a fomentar actividades turísticas no rural (acumulábel ao criterio anterior)	4
Proxectos orientados cara o achegamento das TIC's á poboación rural (acumulábel aos criterios anteriores)	5

C.3.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona: **12 puntos**

C.3.2.1. En función do nivel de investimento: ata 4 puntos.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 6.000 euros e inferior a 24.000 euros	2
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 24.000 euros e inferior a 60.000 euros	3
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior aos 60.000	4

C.3.2.2. Proxectos que posibiliten a creación de emprego: ata 8 puntos (puntuación acumulábel á do criterio anterior):

CRITERIO	PUNTOS
Por cada 0,25 empregos	0,5

- Considerarase creación de 1 emprego: a creación dun posto de traballo para unha persoa a tempo completo a cómputo anual, segundo a normativa vixente.

C.3.3. Incidencia na mellora ambiental: **8 puntos**

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona:

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de mellora ambiental que abranguen actuacións para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural, agrario e forestal no contorno rural	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (acumulábel ao anterior criterio)	4

C.3.4. Incidencia sobre colectivos determinados: mozos/as, persoas maiores, mulleres e persoas con discapacidade: **6 puntos**

- Proxectos nos que se promova a inclusión social ou laboral de:

CRITERIO	PUNTOS
Mozos (entre 16 e 35 anos) e persoas maiores (entre 45 e 65 anos)	2
Mulleres (acumulábel ao criterio anterior)	2
Das persoas con discapacidade (acumulábel aos dous anteriores criterios)	2

D) Regras para a asignación das porcentaxe de axuda pública

D.1. Proxectos Produtivos

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto produtivo para ser subvencionado será de **20 puntos**.

A porcentaxe de axuda para proxectos produtivos con puntuación mínima será dun 25%. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de **70 puntos**.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (20 e 70 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

D.2. Proxectos Non Produtivos

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto non produtivo para ser subvencionado será de **25 puntos**.

Para o cálculo da porcentaxe máxima de subvención dos proxectos non produtivos terase en conta a clasificación que proporciona AGADER e que é a seguinte:

- *Proxectos non produtivos de prioridade alta*. Intensidade de axuda até o 100%:

Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación. Investimentos relacionados co desenvolvemento das TIC's no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- *Proxectos non produtivos de prioridade media*. Intensidade de axuda até o 70%:

Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. Centros de promoción de recursos e puntos de

información turística. Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

- *Outros proxectos non produtivos*. Intensidade de axuda até o 50%:

Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio. Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia. Sinalización de recursos turísticos. Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio. Instalacións hípcas ou cinexéticas. Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

A porcentaxe de axuda para proxectos non produtivos con puntuación mínima será do 30%.

A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de **75 puntos**.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (25 e 75 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

A máxima porcentaxe que se terá en conta para o cálculo desta relación proporcional directa, será a correspondente ao rango de prioridade no que se clasifique o proxecto, é dicir, 100% se é de prioridade alta, 70% se é de prioridade media ou 50% se se trata de outros proxectos non produtivos.